

Even-Zohar, Itamar 2017. "O final da literatura?" In *Estudios literarios e campo cultural galego: en honra do profesor Antón Figueroa*, López Fernández, María Teresa, Laurence Malingret & Elias José Torres Feijó, eds. [=Cadernos CIPPCE sobre emerxencia cultural, 5]. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 15-32.

O final da literatura?¹

¿El fin de la literatura?

The end of literature?

Itamar EVEN-ZOHAR
itamarez@post.tau.ac.il
Universidade de Tel-Aviv

RESUMO

Despois de case dous séculos de éxito, actualmente hai indicios dun proceso recesivo do estatus histórico da literatura; mais iso en que se concretiza? So a hipótese do final da literatura e da concepción desta como ben e como ferramenta, arguméntase o decrecemento da súa funcionalidade instrumental, como actividade operante na sociedade, e a súa persistencia como ben, como capital simbólico e como unha industria para o entretemento. Tal situación de suceso / fracaso da literatura non é exclusiva dela, mais un proceso social heterónimo, común á posición das denominadas industrias non-prácticas, e abre a oportunidade de a fundamentar dentro dos estudos da cultura. **Palabras chave:** literatura, recesión, ferramenta, ben, heteronomía, investigación da cultura.

¹ Ponencia presentada no simposio 'Estudios Literarios e Campo Cultural Galego', en honra do profesor Antón Figueroa Lorenzana, Santiago de Compostela, 2-3 de setembro de 2015. O autor é grato a Roberto Samartim e a María Luisa Fernández Rodríguez pola súa tradución impecábel para galego do castelán e polos seus comentarios e lectura atenta, e a Elias J. Torres Feijó, con quen unha versión conxunta expandida deste estudo está en preparación, polas súas valiosas suxestións.

RESUMEN

Después de casi dos siglos de éxito, actualmente hay indicios de un proceso recesivo del estatus histórico de la literatura, pero ¿en qué se concreta? Bajo la hipótesis del fin de la literatura y la concepción de ésta como bien y como herramienta, se argumenta la disminución de su funcionalidad instrumental, como actividad operante en la sociedad, y su persistencia como bien, como capital simbólico y como una industria para el entretenimiento. Tal situación de éxito / fracaso de la literatura no es exclusiva de ella, sino un proceso social heterónomo, común a la posición de las denominadas industrias no-prácticas, y abre la oportunidad de fundamentarla dentro de los estudios de la cultura.

Palabras clave: literatura, recesión, herramienta, bien, heteronomía, investigación de la cultura.

ABSTRACT

After nearly two centuries of success, there are now signs of a recessionary process in the historical status of literature, but how is this manifested in concrete terms? Under the hypothesis of the end of literature and the conception of the latter as tools vs. goods, this work argues that there is a decrease in its instrumental function as an operating activity in society, but that at the same time it persists as goods, as symbolic capital and as an industry for entertainment. This situation of success vs. failure of literature is not exclusive to it, but is rather a social heteronomous process, common to the status of all so-called non-practical industries, which opens the opportunity to make it integral part of culture research.

Keywords: literature, recession, tool, good, heteronomy, culture research.

Prezadas/os amigas/os e colegas. É unha grande honra e un grande pracer participar neste coloquio dedicado a Antón Figueroa. Antón ten sido para min non só un recurso, unha autoridade sobre case todo o relacionado coa Galiza, desde as súas letras até os seus eucaliptos, e tamén un grande amigo. Non podo imaxinar a Universidade de Santiago de Compostela sen Antón, e só espero que se encontren modos de o manter por perto, porque xa é hora de que entendan que, como di un proverbio inglés, a idade non conta, quitando que un sexa un queixo...

O título da miña comunicación de hoxe é “O final da literatura?”. Caio na conta de que pode parecer de mal gosto falar do final da literatura nun coloquio dedicado ao traballo de Antón Figueroa. Despois de todo, Antón dedicou non só o seu intelecto, mais tamén a súa alma, á promoción e a difusión da toma de consciencia sobre a literatura en xeral e sobre a literatura galega en particular. Sexa como for, acho que falar das fortunas da literatura, das súas opcións de existencia, das súas dependencias culturais e sociopolíticas, en síntese, das súas relacións coa vida da xente, todo isto fai parte integral do traba-

llo académico de Antón. A veneración fetichista da literatura está totalmente ausente nos seus traballos. Por iso, aínda que a miña análise pode non ser aceptada por Antón, o espírito da miña discusión, non o dubido en absoluto, é congruente co seu traballo.

Hai máis de 20 anos, en 1993, vin por primeira vez a Santiago de Compostela para dar unha conferencia sobre o éxito da literatura desde a antigüidade máis profunda até os tempos modernos. O texto daquela conferencia foi publicado nese ano en galego (Even-Zohar, 1993) e despois en castelán, inglés, catalán, portugués e vietnamita, un feito que interpreto como unha mostra de interese. O obxectivo daquel traballo era chamar a atención sobre a necesidade de investigar a produción de textos non-prácticos como factor integral, e en certos momentos moi decisivo, na historia humana. En varios períodos ao longo da historia, e definitivamente desde finais do século XVIII, o éxito da literatura foi o de se establecer como institución indispensable na sociedade e unha compoñente importante na unidade política en que opera. En varios momentos mesmo resultou unha ferramenta principal na propia creación desa unidade política, e despois continuou a ser un instrumento relevante para a súa permanencia. Os movementos para a creación de unidades políticas utilizaron persoas produtoras de textos, coñecidas sobre todo como poetas, como símbolos para sinalaren o camiño e lexitimaren as accións desas entidades. Nos casos en que tivo lugar unha creación exitosa, estas persoas foron convertidas no que Helgason (2011a; 2011b), Dović (2014) e outros denominan “santos laicos”, non apenas en forma de memoria verbal, mais tamén moi frecuentemente como monumentos materiais².

As consecuencias destes procesos de institucionalización foron enormes. Por un lado, a unidade política, sexa na etapa da súa formación que for, ten gañado moito grazas á industria literaria; por outro lado, esta industria tamén gañou moito despois de se establecer como unha actividade socialmente privilexiada. Os actantes máis centrais desta industria, xeralmente coñecidos como autores, puideron pasar de ser individuos marxinais e invisíbeis na sociedade a se converteren en persoas destacadas con licenza para se expresaren –e con eficacia– sobre calquera asunto. Esta eficacia manifestábase non apenas na liberdade de exporen ideas, incluíndo aquelas que non eran do gusto maioritariamente aceptado, mais tamén no feito de que estas ideas eran tra-

² Helgason comenta que xa Thomas Carlyle (1841) chamou a atención nos seus ensaios sobre o poeta heroe para esta manipulación das persoas escritoras como mitos do nacionalismo moderno.

tadas como importantes. Despois de Émile Zola, probabelmente non por ser o primeiro e si por actuar nunha sociedade que asumiu unha posición central no mundo do século XIX, a licenza poética foi interpretada e realizada como unha licenza para ser non unicamente un fabricante de ideas para iniciativas novas, mais tamén un activista sociopolítico capaz de mudar realmente as circunstancias da vida. Trátase dunha mudanza de habitus: chega a ser aceptado que un escritor tome a liberdade de non se dedicar a ser apenas un profesional da produción de textos. Temos bastantes exemplos de escritores que non só participaron nas actividades de movementos de mudanza, senón que se converteron en líderes ou polo menos membros do grupo que lideraba eses movementos. Nos casos en que os modelos de vida proxectados pola literatura non estaban en conformidade coas ideas comúns, ou cos intereses do poder, a importancia atribuída aos seus produtores fíxoos perigosos e, por conseguinte, moitas veces obxecto de persecución. Neste asunto, os medios utilizados para silenciar estes axentes foron bastantes, tanto nos Estados ditatoriais como nos chamados democráticos. Ora, o feito de que haxa represalias de calquera natureza é, en primeiro lugar, unha mostra moi clara da importancia atribuída á literatura. Do punto de vista da industria literaria, evidentemente a indiferenza é peor que as represalias, unha vez que testemuña unha marxinalización.

Após case dous séculos de éxito, temos actualmente indicios de que está a acontecer un proceso no sentido oposto. Trátase dun deterioramento do estatus histórico da literatura. Esta suposta deterioración ten sido sinalada xa desde hai algunhas décadas. Estamos a ser bombardeados desde hai bastante tempo por declaracións como “a morte do lector e o desaparecemento da lectura”, “a morte do escritor” etc. Obviamente, a actitude das persoas envolvidas na industria acostuma ser de natureza apocalíptica. Na súa opinión, o que acontece é unha catástrofe, porque “a xente xa non le textos”, sobre todo a mocidade. Sexa como for, paga a pena nos preguntarmos de que formas concretas se manifesta esa deterioración.

Como sabemos, a industria literaria non consiste só en produtores, textos, e lectores. Trátase dunha rede máis alargada de factores, na cal figuran tamén institucións e mercado. En ambos factores varios axentes actúan como promotores. O obxecto dos produtores e promotores foi sempre facer da literatura algo capaz de ser máis que un pasatempo, é dicir, unha empresa capaz de propor modelos posibles quer para entender a vida quer para actuar nela. Suxerín chamar a este modo de funcionar da literatura “ferramentas” (Even-Zohar, 1999a). Cando funciona como “ferramenta”, a literatura chega a ser un factor principal na creación de recursos e enerxía sociais.

Outro modo de funcionamento da literatura consiste en o facer como ben. Este xeito de funcionar ten lugar tanto a nivel individual como a nivel colectivo. No nivel individual, trátase de mostrar aos outros membros dun grupo que o individuo dado posúe estes bens e, por tanto, pode ser considerado como privilexiado. No colectivo, trátase de mostrar na area intergrupar que o grupo concreto posúe estes bens e que, en consecuencia, pode ser aceptado como igual a aqueles outros grupos que os posúan. Un mercado intergrupar de tales bens foi determinante desde a antigüidade, hierarquizando entre eles os varios grupos étnicos e políticos, permitindo que uns teñan máis para dicir que outros. Cando os bens literarios dun grupo non conseguen ser recoñecidos como valiosos neste mercado, o grupo enteiro pode chegar a sufrir algún tipo de prexuízo por iso. Nun artigo no diario ucraniano *Українська правда* [*Ukrainska Pravda*] de 15 de abril de 2007, a escritora popular ucraniana Oksana Zabuzhko afirmou que “se Lesya Ukraïnka e Kotsiubynsky fosen coñecidos no mundo ao nivel de Tolstói e Dostoyevski, o noso país non tería de ter renunciado ás súas armas nucleares. E isto non é apenas unha metáfora”³ (Zabuzhko, 2007). Na súa opinión, a diferenza do fracaso de Ucrania, a Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas (URSS) conseguiu ter éxito até nos seus días de terror máis escuros asente na base da reputación dos textos literarios rusos:

Non esquezamos: durante máis de cen anos Tolstói e Dostoyevski foron a marca rexistrada da Rusia e, en grande medida, toda a revolución bolchevique foi mediada na consciencia da elite política e intelectual occidental a través de Tolstói e Dostoyevski como “guías” da “misteriosa alma rusa”. Lenine, os bolcheviques, inclusive os Chekistas⁴ encabezados por Dzerzhinski foron percibidos, desde detrás da cortina de ferro, non como delincuentes políticos, que estaban a liquidar toda alma vivente, incluíndo o “Ruso”, mais como heroes dos clásicos rusos, desexosos de “salvar o mundo”– e isto tivo o impacto máis directo no éxito internacional da política estalinista⁵. (Zabuzhko, 2007)

³ “Якби на той час Леся Українка й Коцюбинський були знані в світі такою мірою, як Толстой і Достоевський, нашій державі не довелося б відмовлятися від ядерної зброї. І це не просто метафора”.

⁴ Membros da Checa (en ruso Cheká, ChK – Chrezvycháinaya Komíssiya [ЧК – Чрезвычайная Комиссия]: “Comisión Extraordinaria”), primeira das organizacións de intelixencia política e militar soviética, creada en 20 de decembro de 1917 por Feliks Dzerzhinski.

⁵ “Не забуваймо: протягом ста років брендом Росії у світі насамперед були Толстой і Достоевський, і вся більшовицька революція в свідомості західної інтелектуальної й політичної еліти величезною мірою опосередковувалася саме Толстим і Достоевським, як ‘путівниками’ по ‘загадковій російській душі’. Ленін, більшовики, навіть ЧК на чолі

A función da literatura como ferramenta debe estar intimamente ligada á súa posibilidade de operar nunha sociedade. Moitos traballos sustentan que a lectura e a alfabetización son condicións necesarias para o consumo da literatura e, en consecuencia, para que sexa influente. Isto é, na miña opinión, só parcialmente correcto. Ao nivel de bens, se a comparamos co caso do fútbol como un ben colectivo, a lectura non é máis necesaria que xogarmos ao fútbol ou até vermos os xogos na TV. Por outro lado, no nivel das ferramentas, a literatura púidose realizar ao longo da historia sen que a maioría da xente soubera ler. Parece un paradoxo, mais o apoxeo histórico da literatura como recurso de opcións aconteceu ao longo dun século e medio no cal a grande maioría da xente non só non sabía ler ou escribir, senón que tiña mesmo dificultades coa lingua oficial do seu país (en que os textos foran escritos) ou até a ignoraba totalmente. Polo contrario, na nosa época, en que a alfabetización atinxiu case cento por cento da poboación nos países occidentais e as linguas escritas de onte se converteron con bastante éxito nas linguas faladas actualmente (por exemplo na Franza, na Italia, na España, nos países escandinavos, e noutros), a lectura de textos literarios aparece en recesión. Vale a pena lembrarmos que, en 1870, máis de tres cuartas partes da poboación do mundo nunca tivera a posibilidade de ir á escola, e probablemente apenas 19% dela era capaz de ler. Polo demais, como explica Narciso de Gabriel no seu traballo “Lengua y escuela en Galicia”, “Los que ingresaban en las escuelas tampoco tenían garantizado el aprendizaje de la lectura y de la escritura [...] Disponemos de diferentes documentos que muestran la escasa eficacia alfabetizadora de algunas escuelas” (Gabriel, 1992: 172).

Na España, segundo refere Antonio Viñao Frago (1990: 574), “In 1860, approximately 70 percent of the population aged ten and over could not write and/or read [...] In 1900, the rate had been reduced to two of every four persons, and in 1940 this rate was still nearly one of every four”⁶. En resumo: encanto a alfabetización, en principio, pode certamente facer os textos literarios máis accesíbeis, por si mesma non é nin a causa nin unha evidencia de consumo ou dun funcionamento exitoso da literatura. A divulgación das actitudes, imaxes e ideas proporcionadas pola literatura puideron alcanzar círculos máis

з паном Дзержинським бачилися з-за ‘залізної завіси’ не як політичні бандити, котрі якраз нищили всяку живу душу, з ‘російською’ включно, – а як персонажі російської класики, заклопотані тим, як ‘врятувати світ’, – і це мало що найпряміший вплив на міжнародні успіхи сталінської політики”.

⁶ As taxas para a Galiza son as seguintes: 1860, 21.14%; 1900, 32.12%; 1940, 75.59% (Gabriel, 2013: 291).

e máis grandes a través de varios canais. Unha canle eran os grupos de lectura, en que individuos capaces de ler acostumaban comunicar os textos resumíndoos ou léndoos en voz alta. Temos testemuños sobre estas actividades, aínda que non sei se coñecemos con precisión a súa extensión ou o seu volume en diversas épocas e sociedades. No seu traballo “Las bibliotecas públicas y la lectura”, Bernabé Bartolomé Martínez (1992: 329, 332) comenta:

Era también conocido que no existía, entre nosotros, la costumbre de la lectura individual [...] La costumbre, muy extendida entre los españoles, de la lectura consensuada pública y en alta voz en iglesias, posadas o ciertos lugares de reunión obedecía a unos discutibles motivos religiosos o sociológicos. Todavía a finales del siglo XIX existió la costumbre, entre gentes del mundo laboral, de reunirse en grupos para oír y comentar la lectura del diario o de algún otro libro curioso⁷.

Se callar conviría sinalar neste contexto festividades como a dos *Xogos Florais* na Occitania, Cataluña e Galiza, recuperadas na segunda metade do século XIX, ou os *Eisteddfodau* revivificados no País de Gales no século XIX (aínda non hai consenso sobre as datas precisas); porén, en todos estes eventos o máis importante era a lectura en voz alta de textos en linguas non oficiais do Estado e, nese sentido, eran opostos a todo proxecto de unificación lingüística e cultural implementado desde o rexime. De todos os xeitos, con estes e outros métodos os textos podían ser divulgados e suscitar reaccións, mudanza de actitudes e incluso accións. Indicarei un exemplo moi coñecido: a lectura –entre outras formas en grupos– da novela norteamericana *Uncle Tom’s Cabin* deu un grande impulso á causa abolicionista nos Estados Unidos de América antes da Guerra Civil⁸. Segundo a lenda, Abraham Lincoln saudou Harriet Beecher Stowe en 1862 (é dicir, en plena guerra) dicíndolle: “So you’re the little woman who wrote the book that started this great war” (Sachsman *et al.*, 2007: 8 n .1).

⁷ Véxase tamén Viñao Frago (2009: 14): “Hasta bien entrado el siglo XX el modo habitual de leer fue el de leer en voz alta, a sí mismo o a otros. Así se aprendía y se practicaba, de modo casi excluyente, en las escuelas, y así se solía leer en algunos lugares, por una persona a las demás, mientras se trabajaba o en las veladas y reuniones con fines de entretenimiento u ocio o simplemente ideológico-proselitistas, como era habitual entre los anarquistas españoles de finales del siglo XIX y el primer tercio del XX. Así lo exigía, además, una sociedad de analfabetismo o semialfabetización generalizada entre las clases populares y así se difundía buena parte de la cultura escrita.”

⁸ “We know that hundreds of thousands of nineteenth-century readers, North and South, black and white, old and young, consumed Stowe’s tale as newsprint and book. They read it aloud, gave it to friends, talked about it, wrote about it” (Hochman, 2011: 88).

Á luz de todo isto debémonos preguntar se a literatura continúa a ser na actualidade unha ferramenta eficaz; é dicir, se aínda produce, por un lado, suxestións, solucións probábeis etc., e se, por outro lado, ten forza para as divulgar. A resposta case unánime apunta nunha dirección negativa: a literatura, moi posibelmente, xa non ten estas capacidades, sendo substituída por varios outros emprendementos e, máis recentemente, pola Internet. As pezas teatrais, os filmes, e até todo o que se produce para a televisión, que presumibelmente substituíron a literatura en varias fases anteriores, xa está, todo, igualmente en proceso de recesión.

Mais, por outro lado, a función da literatura como ben parece que de momento se mantén. A competición entre grupos, a nivel global ou local, aínda conserva polo menos parte da forza dos dous séculos pasados. Aínda é importante participar nas feiras internacionais do libro, ou esperar o premio Nobel de maneira parecida á participación e á aspiración de conseguir medallas en Olimpíadas e en campionatos deportivos mundiais. E varios grupos que son –ou se senten– marxinalizados ou discriminados aínda achan importante manifestar, na súa loita por gañar estatus, que son capaces de producir literatura e conseguir premios.

Aínda que moitos departamentos de estudos literarios en varias universidades foron fechados ou reducidos, o ensino escolar da literatura permanece. Obviamente, non se manteñen coa mesma fortaleza e reputación que antes, mais si conseguen por momentos, de súpeto, situar o ensino da literatura no centro do interese dunha sociedade. Así aconteceu na Italia, por exemplo, cando en 1988 foi nomeado un comité polo Ministerio da Educación, coñecido como “la Commissione Brocca”, cuxo obxectivo era propor novos planos de estudo e novos programas para a escola secundaria superior⁹. Nesa altura surxiron debates nos medios sobre as probábeis intencións da Comisión, no sentido de querer cancelar a lectura obrigatoria na escola italiana da novela *I promessi sposi* de Manzoni.

Como consecuencia disto, iniciouse unha longa serie de polémicas durante anos sobre este asunto. O Ministerio, porén, declarou que “di cancellare i classici [...] la Pubblica Istruzione non se ne parla” (Cirese, 1988). O xornalista Eugenio Cirese escribeu en *La repubblica* en novembro de 1988: “Il dibattito

⁹ Fundada en 1988, a Comisión Brocca (do nome do subsecretario italiano de Educación Beniamino Brocca, que coordinou a Comisión) recibiu do ministro Giovanni Galloni inicialmente o mandato de “rever” os programas dos dous primeiros anos do ensino secundario, tendo en vista a extensión da escolaridade obrigatoria á idade de dezaseis anos.

sui *Promessi sposi* [...] non si spegne. Resta aperto il confronto tra chi ritiene insostituibile la lettura dell'opera e chi invece non si scandalizza se non sarà più obbligatoria" (Cirese, 1988). Segundo Cirese, por exemplo, "decisamente antimanzoniano si dichiara [...] il professor Antonio Ceccotti, uno dei leader dei Cobas¹⁰: 'Io Manzoni l'ho sempre odiato perchè serviva a veicolare tra i giovani il moderatismo cattolico'" (Cirese, 1988). Umberto Eco, na presentación en 2010 do seu libro *La storia dei Promessi sposi raccontata da Umberto Eco*, coa clara intención de salvar o texto de Manzoni do esquecemento e do colapso, dixo que "la lettura del romanzo, in quanto *obbligatoria*, è considerata noiosa dalla maggioranza degli italiani" (*Il Fatto Quotidiano*, 23/03/2015; itálicos no original), o que, nun discurso de 23 de marzo de 2015, levou ao primeiro ministro da Italia, Matteo Renzi, a suxerir a un grupo de estudantes da *Università Luiss di Roma*, que o "hanno applaudito sonoramente", o seguinte: "La penso come Umberto Eco: *I promessi sposi* a scuola andrebbero proibiti per legge. Perché obbligarli li ha resi odiosi e invece così tornerebbe il fascino per un capolavoro assoluto" (*Il Tempo*, 24/03/2015).

O caso Manzoni non é único. En Portugal, cando en 2001 o Ministro de Educación do Partido Socialista anunciou reformas educativas entre as cales se refería que xa non sería obrigatoria a lectura, entre outras obras, d'*Os Lusíadas* de Camões, surxiu unha animosidade estrondosa entre a dereita e a esquerda. Segundo unha información no diario portugués *Público*,

Em conferência de imprensa, em Agosto de 2001, por Vasco Graça Moura e David Justino, porta-vozes do PSD [Partido Social Democrata, de centro direita] para a cultura e educação, respectivamente, classificaram o novo programa de Português como "um gravíssimo escândalo" e uma "aberrante situação" a merecer intervenção presidencial. Em relação às alterações a "Os Lusíadas", consideraram ser o resultado de "um deplorável complexo de esquerda retrógrada que tem vergonha do passado de Portugal". Por tudo isto, concluíram, a revisão curricular e os novos programas deviam ser suspensos. (Leiria, 2002)

Sen dúbida poderíamos multiplicar estes exemplos. O significativo neles é o envolvimento político e a animosidade entre ideoloxías opostas. No episodio Renzi sobresaie o feito de que o Primeiro Ministro dun país considerou un asunto de Estado expresar opinións sobre un texto literario. O seu discurso xe-

¹⁰ "Confederazione dei Comitati di Base" –alternativa á dos sindicatos confederais, que se refere a estar organizado localmente e non en forma vertical. O termo Cobas nace orixinalmente nos primeiros anos oitenta como as siglas Co.Ba.S. (Comitati di Base della Scuola).

rou, por súa vez, unha onda de reaccións procedentes de diferentes posicións, quer desde espazos denominados cultos quer doutros non así considerados, en forma de milleiros de comentarios nas edicións dixitais de varios xornais. Evidentemente temos aquí un indicio moi claro da continuada función da literatura como bens comúns e símbolos da comunidade. Aínda que se tratase para a maioría dos italianos dunha obra aborrecida e penosa, resultaba inaceptábel a idea de que puidese ser eliminada do canon global en que tiña sido posta ao lado de famosos textos franceses, ingleses ou españois.

Un caso parecido, mais con orixe nunha actitude negativa e de medo, aconteceu no mes de marzo de 2015, no medio do fervor das recentes eleccións en Israel. O Primeiro Ministro do goberno da dereita, que asumiu repentinamente a función de Ministro de Educación após a dimisión do ministro orixinalmente nomeado, tomou a decisión de descualificar a candidatura dun escritor ao Premio Estatal do ano, e tamén a de dous profesores universitarios de estudos literarios que igualmente eran candidatos ao mesmo premio. Esta interferencia agresiva en asuntos en que un ministro nunca tomara a liberdade de intervir foi rexeitada con numerosas dimisións de membros das comisións encargadas de outorgaren os premios, provocando o cancelamento do Premio Estatal para o ano 2015 nestas áreas. Eis, pois, tamén un indicio da continuada función da literatura como ben, aínda que agora activada por unha actitude hostil do poder. A través da descualificación, o primeiro ministro quería non só silenciar o autor e os profesores, que en tempos normais serían tratados con indiferenza absoluta, mais tamén gañar co seu asalto o apoio do seu electorado, en cuxos círculos a literatura moderna está concibida como a portavoz de ideas do liberalismo occidental e da esquerda política.

Unha conclusión que me parece inevitábel de toda esta análise é a máis que dubidosa existencia da repetidamente chamada “autonomía da literatura”. Obviamente, como en toda industria, hai regras de produción, e as actividades institucionalizadas naturalmente concorren unhas con outras no ámbito dos modelos de produción e do repertorio xeral de solucións. Ora, sería un erro manter que é posíbel manexar os modelos sen relación coas circunstancias exteriores á propia industria. Como ten sinalado Antón Figueroa, sobre todo no seu traballo *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego* (Figueroa, 2010), a literatura non pode, en moitas circunstancias, por exemplo no caso galego, se liberar da conexión política. Sempre vin a literatura como un sistema heterónimo máis que como autónomo. Sen a heteronomía en relación cos factores sociopolíticos non se entende a consecución exitosa de capital simbólico por parte dun grupo alargado. Alén do máis, cando se trata dos escritores,

a súa independencia ou a súa suposta autonomía, frecuentemente non é máis que ilusoria, porque dependen do poder máis que a industria como tal. *L'art pour l'art* foi unha estratexia para se protexer da indiferenza, máis do que unha política de separación ou ruptura.

A combinación da diminución da función da literatura como ferramenta coa persistencia da mesma como ben pódese entender como o final da literatura. O sentido deste “final” podería significar o remate deste empreendimento como unha actividade operante na sociedade, mais que permanece, por un lado, como capital simbólico de calquera panteón e, por outro lado, como unha industria para o lecer e a distracción. Noutro nivel, porén, poderíamos tentar adoptar a concepción formulada por Fukuyama (1992) no seu famoso *The End of History and the Last Man*, onde explica que este “final” debe ser entendido como un signo de que o desenvolvemento humano atinxiu o seu grao máximo de cumprimento, porque os seres humanos conseguimos xa as solucións óptimas para a organización sociocultural e, aínda que os procedementos da vida sen dúbida permanecerán ao longo do tempo, este desenvolvemento non vai lograr xa máis cousas. Segundo as súas análises, tal como foi concisamente resumido polo editor ou tradutor anónimo en castelán da presentación da hipótese de Fukuyama en 1988, “el liberalismo económico y político, la ‘idea’ de Occidente, finalmente se ha impuesto en el mundo. Esto se evidencia en el colapso y agotamiento de ideologías alternativas. Así, lo que hoy estaríamos presenciando es el término de la evolución ideológica en sí, y, por tanto, el fin de la historia en términos hegelianos” (Fukuyama, 1990: 5).

Se adoptarmos esta interpretación, deberíamos dicir que a literatura, entendida como recursos, non pode permanecer porque, simplemente, atinxiu o seu grao óptimo como fornecedora dos recursos necesarios para a humanidade e, en consecuencia, xa pode ser libertada deste papel, que agora é realizado a través doutros medios. Na miña opinión, esta interpretación –como toda a argumentación de Fukuyama– está, dalgún xeito, collida por un cabelo, mais acho, porén, que é apropiada en relación a *un* asunto: o feito, exitoso, de se ter imposto un idioma unificado na maioría dos Estados modernos. Neste contexto, nalgúns destes Estados aínda é vista a literatura como un instrumento auxiliar para mellorar os coñecementos lingüísticos. Por exemplo, no *Schema di regolamento* do ano 2010 do Ministerio da Educación italiano, explícase que:

La lettura di testi di valore letterario ha consentito allo studente un arricchimento anche linguistico, in particolare l’ampliamento del patrimonio lessicale

e semantico, la capacità di adattare la sintassi alla costruzione del significato e di adeguare il registro e il tono ai diversi temi, l'attenzione all'efficacia stilistica, che sono presupposto della competenza di scrittura. (*Schema di regolamento*, 2010: 12)

O feito de a literatura poder estar en proceso de marxinalización non ten nada a ver coa produción cotiá de narración ou de poesía. Podería ser superfluo dicilo aquí, mais fágoo, como se di en inglés, *for the record*: é preciso lembrar que a literatura non é igual en calquera tipo de textos. É verdade que ela desenvolveu as temáticas e as técnicas da narración e da expresión de sentimentos, mais a capacidade de contar e de cantar son as bases máis fundamentais da cultura desde os inicios da existencia humana. Teorías sobre a evolución cultural xa aceptaron a hipótese de que a capacidade de contar foi un invento importante na historia, non menos do que o lume ou a capacidade de cocinar. Sen a capacidade de contar a humanidade non tería podido sobrevivir. Desde que atinxida a capacidade de falar, e se callar desde antes por medio da linguaxe de sinais, os seres humanos contaron contos “to mark an occasion, set an example, warn about danger, procure food, or explain what seemed inexplicable” (Zipes, 2012: 2). Mesmo se desaparecer, gradualmente ou de golpe, a literatura enteira en todo o mundo, as rutinas cotiás de contar e de cantar permanecerán encanto existir a humanidade.

A situación heterónoma da literatura non é exclusiva dela. Sería máis correcto recoñecer que a heteronomía –isto é, o estado de sistemas en interacción dinámica– é unha evidencia en todos os procesos sociais. A posición de todas as actividades do que poderíamos denominar as industrias non-prácticas é moi semellante, e o éxito ou a recesión nelas non é moi diferente da situación literaria. Por conseguinte, analizarmos a literatura como se fose un fenómeno á parte non está xustificado excepto se xulgamos que nos interesa apenas ela. Elías Torres Feijó afirma, no seu significativo artigo “Reorientação dos estudos literários...”, que o fracaso da literatura provocou a perda de importancia dos estudos literarios, ou, tal como el o formula, “a Antiga Aliança entre o Estado e os estudos da literatura (nacional) através da escola quebrou” (Torres Feijó, 2012: 154). O que propón é “não perder muito tempo com a melancolia, com a lembrança dos bons tempos em que saber literatura, socialmente, ou ser professor de literatura, ainda tinha um arquimédico *peso social*” (Torres Feijó, 2012: 156), e aproveitar a oportunidade para planificar unha disciplina máis ampla que os estudos literarios. Esta disciplina podería ser non só máis relevante na vida actual e fornecer ás novas xeracións coñe-

cementos máis pertinentes, senón que podería asumir a responsabilidade por un conxunto de elementos máis adecuado e máis convincente do punto de vista dos postulados dunha actividade investigadora. Torres Feijó (2012: 165) reconece, con todo, que unha disciplina así xa existe: “Os Estudos da cultura (non confundir com os chamados *Cultural Studies*)”.

Non é sorprendente que concorde totalmente con Elias Torres. Tirar estas conclusións do estado da literatura e dos estudos literarios parécese máis que sustentábel. Do punto de vista da práctica académica é xa urxente reconecer esta situación e suxerir algunhas solucións antes de que sexa tarde de máis. Como sabemos, é mellor planificar as cousas con antecedencia que esperar ao momento último do colapso. Por outro lado, sen contradición coa argumentación anterior, é posíbel obter iguais conclusións por outra vía, a partir da *lógica interna* dos estudos literarios. Gostaba de dedicar os últimos parágrafos deste texto a presentar esta argumentación.

Nun simposio na Universidade de Bayreuth hai trinta anos, en 1985, presenteí as miñas dúbidas sobre a posibilidade de continuar cos conceptos e os métodos xeralmente aceptados nos estudos literarios por razóns vinculadas aos esforzos por desenvolver unha disciplina máis axeitada para estudar a literatura. Nese traballo, “La búsqueda de leyes y sus implicaciones para el futuro de la ciencia de la literatura”, que, alén do máis, foi traducido para o castelán o mesmo ano e publicado na revista *Cráter* de Cuba, afirméi que había que reformar a ciencia da literatura polo feito de que non podemos investigar a literatura como un fenómeno isolado:

la validez semiótica omniabarcante de muchas leyes supuestamente literarias es tan ineludiblemente evidente, que parece que estamos frente a una paradoja: cuanto más nos acercamos al cumplimiento de la ambición de cientificidad en lo que respecta al estudio de la literatura, más evidente se hace que la literatura no es gobernada por ninguna ley exclusivamente particular. [...] [Sin embargo,] al reconocer la validez universal de leyes que hasta ahora han sido consideradas exclusivamente literarias, no se ha demolido la *raison d'être* de la ciencia de la literatura como disciplina independiente, ni la hipótesis de la autonomía parcial de la literatura [...] Más bien se pueden sacar otras conclusiones de tal situación [...] En primer lugar, la ciencia de la literatura habrá de ser transformada en la ciencia de la literatura-en-la-cultura [...] De esa manera, la no exclusividad de las funciones literarias será colocada en el contexto de la exclusividad de algunos de sus materiales, así como de sus condiciones y variaciones o modalidades particulares. En segundo lugar, la “literatura” como institución socio-semiótica y la ciencia de la literatura trascenderán, ambas, la posición periférica asignada a ellas [...], para aparecer como un territorio y un labora-

torio a través de los cuales las leyes generales de la actividad humana pueden ser descubiertas mejor que en cualquier otra parte. Con esto, la búsqueda más explícitamente controlada de leyes para la literatura significará más bien un mejoramiento del estado de nuestros conocimientos sobre la “literatura” y sus condiciones generales, que un derrumbamiento de la disciplina. Así pues, la búsqueda de leyes, después de un momento de crisis, engendrará una disciplina más madura. (Even-Zohar, 1986: 5-6)

Ocorrúeseme dar un paso máis, acho, nunha conferencia en Lovaina en 1997, cun texto que foi tamén traducido e publicado en castelán en 1999. Alí aponteí o seguinte:

La ausencia de discusión sobre el objeto de estudio es típica de muchas áreas de las humanidades, y ciertamente ha impedido la práctica científica en dichas áreas. Mientras que las ciencias naturales, en su intento por desarrollar instrumentos que expliquen la naturaleza y la vida, proceden a la modificación y la sustitución tanto de los objetos de estudio como de las hipótesis ligadas a su desarrollo, las humanidades todavía mantienen la creencia de que las explicaciones pueden cambiar, pero el objeto de estudio permanece inamovible. Esto resulta especialmente evidente cuando se estudian los productos y las actividades humanas que han alcanzado una posición canonizada y, por consiguiente, son considerados indispensables por parte de las fuerzas dominantes de una sociedad. Me estoy refiriendo sobre todo a las artes, como pueden ser la pintura, la música, la literatura, el teatro, la danza, etc.

[...] al nivel meta-teórico, el problema de si un cierto fenómeno observable pertenece a un conjunto determinado (grupo, campo o sistema), y de si es relevante o puede relacionarse con él, reside en nuestra habilidad para hipotetizar una fructífera red de relaciones. De este modo el conjunto no se concibe como una entidad independiente en la realidad, sino que dependería de las relaciones que seamos capaces de proponer. Ninguna teoría sistémica avanzada acepta una serie de fenómenos observables a priori que necesariamente, o de modo inherente, formen parte de un sistema. Abogar por la inclusión o la exclusión en el sistema de ciertos elementos no es algo que competa al análisis sistémico de un conjunto concreto de fenómenos; afecta más bien al mayor o menor éxito que puede alcanzar un procedimiento frente a otro desde el punto de vista de la suficiencia teórica.

[...] en los claros términos que generalizó Norbert Elias:

Sucede con frecuencia en la evolución de una ciencia, o de una de sus ramas, que el tipo de teoría que ha dominado la dirección de la investigación por algún tiempo alcanza un punto en el que sus limitaciones se hacen patentes. Comienza a percibirse que un significativo número de problemas no pueden ser formulados claramente ni pueden resolverse siguiendo sus pautas. Los científicos que

trabajan en este campo empiezan entonces a buscar un marco teórico más amplio, o quizá un tipo de teoría completamente distinto, que les permita resolver los problemas sobrepasando el ámbito de la teoría en vigor (Elias e Dunning, 1993: 189; citamos pola tradución española, 1992: 231).

Al estudiar la cultura, los investigadores que trabajan en el funcionalismo dinámico encuentran, creo, ese marco teórico más amplio. (Even-Zohar, 1999b: 25; 27-28)

En definitiva, todas estas consideracións, e este coloquio en xeral, obrígnanos a cavilar sobre o noso papel como investigadoras e investigadores académicos. A cuestión que se coloca, ou que polo menos debería ser colocada a cada un/ha de nós é a seguinte: a quen e a que debemos a nosa lealdade intelectual e profesional? Debemos tomar algunhas decisións moi graves. Somos axentes da industria das letras ou somos investigadores e investigadoras do comportamento humano? Se considerarmos a literatura como compoñente integral do comportamento humano, e que nunca vai desaparecer aínda que puidese alterar as súas modalidades de funcionamento, a resposta debe ser que debemos, en primeiro lugar, lealdade á investigación do comportamento humano, e que non podemos deixar esta investigación en mans de áreas que non teñen as perspectivas que nós xa conseguimos desenvolver, a pesar das nosas limitacións. Máis unha vez estou de acordo con Elias Torres Feijó (2012: 165) cando afirma que “os estudos literários precisam elaborar quadros conceituais e metodológicos que permitan trabalhar com ferramentas de análise da realidade”. A investigación da cultura que debe ser feita hoxe, unindo as humanidades, as ciencias sociais e a bioloxía, fará posíbel, en lugar de ubicar a literatura nun canto esquecido, investigala xunto con outros procesos e no contexto deles. Trátase dunha disciplina que investiga a creación de recursos que fan a vida posíbel non só para os seres humanos mais tamén para unha diversidade de outros animais, e que entende que só no seu contexto podemos concibir, en primeiro lugar, de que modo as actividades verbais e textuais contribúen para esta creación. Acho que debemos esta transición non só a nós propios como estudiosos, senón tamén aos nosos futuros estudantes. O final da literatura como un factor maior na organización de vida é, tal vez, un feito, se non xa cumprido, moi probábel, mais a transición cara a investigación da cultura permitirá entender a dinámica mediante a cal a literatura, sexa na modalidade que for, nunca chegará ao seu final.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Bartolomé Martínez, Bernabé (1992). “Las bibliotecas públicas y la lectura”. En Agustín Escolano Benito (ed.), *Leer y escribir en España: doscientos años de alfabetización*, Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez / Editorial Pirámide, 309-334.
- Carlyle, Thomas (1841). *On heroes, hero-worship, the heroic in history*. London: J. Fraser.
- Cirese, Eugenio (1988). “E sui ‘promessi sposi’ ora litigano i professori”. *La Repubblica*, 26/11/1988.
- Dović, Marijan (2014). “Every monument erected by a nation to its greats is erected to the nation itself”: Vodnik, Prešeren, and the nationalization of the Carniolan capital’s topography”. *Neohelicon*: 41 (1), 27-41.
- Elias, Norbert e Eric Dunning (1993) [1986]. *Quest for Excitement: Sport and Leisure in the Civilizing Process*, Oxford: Blackwell.
- Elias, Norbert e Eric Dunning (1992). *Deporte y ocio en el proceso de la civilización*. Madrid: Fondo de Cultura Económica.
- Even-Zohar, Itamar (1986). “La búsqueda de leyes y sus implicaciones para el futuro de la ciencia de la literatura”. *Criterios*: 13-20, 241-247. Traducción de Desiderio Navarro.
- Even-Zohar, Itamar (1993). “A función da literatura na creación das nacións de Europa”. *Grial*: 120, 441-458.
- Even-Zohar, Itamar (1999a). “La literatura como bienes y como herramientas”. En Darío Villanueva, Antonio Monegal e Enric Bou (eds.), *Sin Fronteras. Ensayos de Literatura Comparada en Homenaje a Claudio Guillén*. Madrid: Castalia, 27-36.
- Even-Zohar, Itamar (1999b). “Factores y dependencias en la Cultura. Una Revisión de la Teoría de los Polisistemas”. En Montserrat Iglesias Santos (ed.), *Teoría de los Polisistemas*. Madrid: Arco, 23-52. Traducción de Montserrat Iglesias Santos e do autor.
- Figueroa, Antón (2010). *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego*. Bertamiráns (Ames): Laivento.
- Fukuyama, Francis (1990). “¿El fin de la historia?”. *Estudios Públicos*: 37, 5-31.
- Fukuyama, Francis (1992). *The End of History and the Last Man*. New York e Toronto: Free Press; Maxwell Macmillan Canada; Maxwell Macmillan International.

- Gabriel, Narciso de (1992). “Lengua y escuela en Galicia”. En Agustín Escolano Benito (ed.), *Leer y escribir en España: doscientos años de alfabetización*. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez / Editorial Pirámide, 165-186.
- Gabriel, Narciso de (2013). “El proceso de alfabetización en Galicia: un intento de explicación y comprensión”. *Historia de la Educación*: 32, 289-313.
- Helgason, Jón Karl (2011a). “The Role of Cultural Saints in European Nation States”. En Rakefet Sela-Sheffy e Gideon Toury (eds.), *Culture Contacts and the Making of Cultures. Papers in Homage to Itamar Even-Zohar*. Tel-Aviv: Unit of Culture Research, Tel Aviv University, 245-251.
- Helgason, Jón Karl (2011b). “A Poet’s Great Return: Jónas Hallgrímsson’s reburial and Milan Kundera’s Ignorance”. *Scandinavian-Canadian Studies*: 20, 52-61.
- Hochman, Barbara (2011). “Devouring Uncle Tom’s Cabin: Antebellum”. En Shafquat Towheed e W. R. Owens (eds.), *The History of Reading. Volume 1-- International Perspectives, c. 1500–1990*. New York, NY: Palgrave Macmillan, 87-100.
- Leiria, Isabel (2002). “Justino mantém programa de Português que criticou”. *Público*, 20/09/2002.
<https://www.publico.pt/educacao/noticia/justino-mantem-programa-de-portugues-que-criticou-178910>. Acceso: 10/10/2015.
- Sachsman, David B., S. Kittrell Rushing e Roy Morris Jr. (2007). *Memory and Myth. The Civil War in Fiction and Film from Uncle Tom’s Cabin to Cold Mountain*. West Lafayette: Purdue University Press.
- Schema di regolamento [2010]. *Schema di regolamento – ALLEGATO A: Nota introduttiva alle Indicazioni nazionali riguardanti gli obiettivi specifici di apprendimento*. [Roma]: Ministro dell’Istruzione, dell’Università e della Ricerca.
- Torres Feijó, Elias J. (2012). “Reorientação dos estudos literários para a aplicabilidade e a transferência: da feitiçaria para a medicina e os capitais em jogo”. *Revista UFG*: XIII (12), 154-173.
- Viñao Frago, Antonio (1990). “The History of Literacy in Spain: Evolution, Traits, and Questions”. *History of Education Quarterly*: 30 (4), 573-599.
- Viñao Frago, Antonio (2009). “La alfabetización en España: un proceso cambiante de un mundo multiforme”. En Pedro Luis Moreno Martínez e Clotilde Navarro García (eds.), *Perspectivas históricas de la educación de personas adultas [=EFORA: Revista Electrónica de Educación y Formación*

Continua de las Personas Adultas, Vol. 3: 1], Salamanca: Universidad de Salamanca, 5-19.

Zabuzhko, Oksana (2007). “Вони питають, чи єсть у нас культура” [Eles preguntan se nós temos cultura!]. “Українська правда” [Ukrain’ska Pravda]: 15/04/2007.

Zipes, Jack (2012). *The Irresistible Fairy Tale: The Cultural and Social History of a Genre*. Princeton: Princeton University Press.